

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DEZAOITO DE XANEIRO DE DOUS MIL TRECE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas e vinte minutos da mañá do día dezaeito de xaneiro de dous mil trece reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago e Benigno Galego Castro baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido débátese os asuntos da orde do día:

1 ASISTENCIA A CERTIFICACIÓNS DE OBRA : Lida a proposta presentada que se copia literalmente a continuación :Exposición de motivos:A información é unha fase previa a calquera decisión ou actividade de control. A importancia do papel institucional da oposición política, así como da necesidade de que os gobernos municipais actúen de acordo co principio de transparencia, co fin de que os veciños coñezan todo o proceso e decisións adoptadas, esixen reforzar o dereito de información. Este dereito esta vinculado co dereito constitucional da participación política. Despois que neste concello surgiran unhas problemas nunhas obras, as cales non vamos a citar porque de sobra son conocidas, e para evitar especulacións, para coñecer in situ as modificacións que se puideran producir, saber de primeira man as explicacións do técnico e polo xa citado principio de transparencia; propoñemos o Pleno do Concello de Cerdido a adopción do seguinte acordo: 1 Que a Alcaldía invite os portavoces dos grupos da oposición as certificacións das obras realizadas no concello. En Cerdido, a 12 de xaneiro de 2013. , Benigno Galego Castro... Alvaro Rodríguez Graña. Cándido Prieto Lago. **O Pleno do Concello de Cerdido, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes rexeitou a proposta anterior.** Cinco votos en contra do acordo dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da alcaldesa e tres votos a favor do acordo dos concelleiros Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago e Benigno Galego Castro .

O concelleiro Benigno Galego Castro toma a palabra para explicar que cree necesario este acordo para para coñecer as modificacións das obras realizadas explicadas polo técnico director das obras, derivado do principio de transparencia e para para poder realizar un traballo de oposición . Isto solucionaría o problema da desconfianza e cando este rematada a obra o técnico nos explicaría o que se fixo .

A alcaldesa explica que ten acceso a todos os proxectos de obra así como as certificacións e anuncia o seu voto en contra pola desconfianza continua que amosa cara a min .

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que non solicitamos nada fora do seu lugar unicamente que o técnico nos explique que modificacións sofre cada obra.

2.- CAMIÑO NO CAMPO DA IGREXA. Lida a proposta presentada que se copia deseguido: Exposición de motivos:- Ante a reclamación presentada no rexistro do concello por unha veciña dos Casás, na que solicitaba que se declarase un camiño, situado no Campo da Igrexa, na parroquia dos Casás, como de titularidade municipal e como consecuencia público, así como da paralización dunhas obras que se estaban acometendo nel. Despois da contestación por parte do servizo técnico do concello no que non determina se o camiño é público, (aínda que nun catastro así


aparece como tal), e ante a indeterminación hasta o de agora por parte da Alcaldía;propoñemos o Pleno do Concello de Cerdido a adopción do seguinte acordo:1- Que o concello publique un edito ou bando explicando o tema e dando un tempo de reclamacións a calquera persoa que queira aportar algún tipo de documentación para aclarar este asunto. 2 Transcorrido este período e de non aportarse mais documentación que a xa existente no informe técnico correspondente, que o concello declare este camiño como público e faga as modificacións que sexan oportunas tanto no PXOU como no catastro. En Cerdido, a 12 de xaneiro de 2013.. Benigno Galego Castro.. Álvaro Rodríguez Graña. Fdo. Cándido Prieto Lago. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aproba esta moción**

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que este tema tense que solucionar dalgún xeito e que non se quere beneficiar nin prexudicar a ninguén , polo que propoñemos publicar un bando para que os veciños poidan presentar alegacións e poder estudalas e concretar se o camiño é público ou non, este é un problema que leva meses sen solución e esta pode ser unha .

A alcaldesa explica que para saber se un camiño é público ou non debese iniciar un expediente de investigación de oficio , que entre outros trámites, require dunha publicación no Boletín Oficial da Provincial e explica que este non é o único caso que no concello existen moitos casos como este .

3.- AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN REGO DA MADEIRA. Lida a proposta presentada que se copia deseguido Exposición de motivos:O PCC do ano 2011 incluía a obra denominada” saneamento Calmourel- Rego da Madeira”, a cal tiña por obxectivo dotar de saneamento estes dous lugares na parroquia dos Casás. Este proxecto vai dotado de 420 metros de tubería con 9 pozos de rexistros, 9 metros de gabiá revestidas de formigón, 4 metros de caz de formigón con reixa, etc..., por un importe que ronda os 20.000 euros. Tamén incluía unha partida de subministro de 230 metros de tubería de auga potable que non se podía meter nesta obra e que “ supostamente” foi error do redactor do proxecto, (decimos supostamente porque o concelleiro de obras nun primeiro momento dixo que mandara el incluílo para amañar posibles averías noutros tramos), en total isto ascendía a 747.50 euros + o 37% doutros gastos. O lugar do Rego Da Madeira ten un total de 6 vivendas, as cales con esta obra solo se lle da o servizo de saneamento a 2 vivendas, quedando 3 vivendas sen o saneamento por unhos escasos 25 metros de tramo, outra queda por debaixo do nivel da rede de saneamento. Dado que este é o último lugar do concello de Cerdido, o que quere decir que a rede de saneamento non vai seguir ampliándose mais, e que os veciños das vivendas que quedan sen el solicitarono e puxérono en coñecemento tanto da alcaldesa e do concelleiro de obras, os que contestaron que non podía ser por non disponer da cantidade económica;propoñemos o Pleno do Concello de Cerdido a adopción do seguinte acordo: 1- Que a partida de tubería que viña incluída no proxecto e que non pode ser certificada o remate da obra se destine para a ampliación do saneamento a estas vivendas, solucionando así a demanda dos veciños, facendo unha ampliación de obra que sae mais económica que ter que redactar outro proxecto novo. En Cerdido, a 12 de xaneiro de 2013. Benigno Galego Castro. Álvaro Rodríguez Graña. Cándido Prieto Lago.**O Pleno do Concello de Cerdido, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes, rexeitou a proposta anterior.** Cinco votos en contra do acordo dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da alcaldesa e tres votos a favor do acordo dos concelleiros Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago e Benigno Galego Castro .

O concelleiro Benigno Galego Castro toma a palabra para expoñer que non lle parece lóxico que o saneamento chegue a 20 metros das casas e que estas non se inclúan no proxecto . Indica que se nos dixo nun primeiro momento que os veciños non querían o saneamento e que despois si o querían pero non había cartos . Neste proxecto aparecía unha partida para tubería que nun primeiro



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

momento o concelleiro de obras dixo que era para outras cousas e logo dixo que foi un erro, por iso cos cartos desta partida, pódese ampliar o saneamento a tres vivendas dado que segundo cálculos orientativos mais o menos 1 000 euros podería chegar para 420 metros, con esta modificación o Concello aforrará os gastos de elaboración de proxecto e dirección de obra .

A alcaldesa explica que ao principio os veciños lle dixeron que o saneamento non era prioritario por iso non se contemplou no proxecto. A tubería foi un erro na redacción do proxecto cunha mala interpretación. A obra de saneamento en Calmourel este rematada e o director de obra fixo as modificacións oportunas .

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita saber que modificacións se fixeron

A alcaldesa explica que o técnico recolleu estas modificacións na certificación de obra e que non pode concretar cales son porque non quere sen imprecisa e non sabe os datos exactos .

4.- CONSTRUCCION DE VIVENDAS DE PROTECCION NOS CASÁS . Lida a proposta presentada que se copia deseguido Exposición de motivos: polo decreto de Alcaldía nº 230 do 16/11/2010 o concello fai a compra dunha parcela no lugar do Campo da Igrexa, na parroquia dos Casás, por un importe de 12.014,94 euros. Dita parcela vai ser para a próxima construción dun almacén..Os Casás é a única parroquia do concello de Cerdido que carece de vivendas de protección, e dado que o prezo deste tipo de vivendas é mais económico, crea unha desigualdade entre os veciños desta parroquia co resto do concello..Coa construción do almacén en dita parcela vaise dotar a mesma co subministro de auga, electricidade e de saneamento..Dado que a parcela ten unha superficie de 5948 metros cadrados e o futuro almacén vai ter unha superficie total construída de 202.23 metros cadrados, quedando o resto sen construción algunha. Propoñemos o pleno do concello de Cerdido a adopción do seguinte acordo:Que de ser necesario se realicen os cambios oportunos, modificación no PXOU, incluír unha partida económica no presuposto municipal, ..., para poder construír vivendas de protección.Solicitar a consellería de vivenda da Xunta de Galicia a construción do maior número de vivendas nesta parcela municipal. En Cerdido, a 12 de xaneiro de 2013. **O Pleno do Concello de Cerdido, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes, rexeitou a proposta anterior.** Cinco votos en contra do acordo dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da alcaldesa e tres votos a favor do acordo dos concelleiros Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago e Benigno Galego Castro .

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que esta parcela que se comprou cun prezo que cree excesivo, ten unha superficie ampla para poder acoller vivendas de protección ademais da nave, coas vivendas de protección oficial a parroquia dos Casás podería medrar en número de veciños .

A alcaldesa toma a palabra para expoñer que a parcela ten a cualificación de rústica de protección agropecuaria, polo que non se pode dividir de aí a extensión da finca a demais non se pode cambiar a cualificación urbanística para solo urbano. A finca non linda co núcleo nin coa zona de expansión polo que non se pode reclasificar en urbana, ademais na parroquia dos Casás existen dúas vivendas municipais en aluguer baleiras .

O concelleiro Benigno Galego Castro entende que se compraron dez ferrados de terreno para nada e cree posible realizar unha ampliación da zona de expansión do núcleo para poder incluír a finca, xa que senón pecharanse as portas a ampliación do núcleo e entende que por pedilo a Xunta non pasa nada xa que a resposta negativa xa a temos .

A alcaldesa reitera que o uso da finca é agropecuario e que xa consultou o tema cos técnicos e non se pode cambiar a solo urbano e que o redor do núcleo dos Casás existen terreo sen edificar .

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e cinco minutos do día dezaoito de xaneiro do 2013 . Do que eu coma secretaria dou fe :

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie